

ESTREA MUNDIAL
CONCERTO PRESENTACIÓN

ARIAS, DÚOS, TRÍOS, CUARTETOS E COROS DA ÓPERA GALEGA



A Raíña Lupa

Música: FERNANDO V. ARIAS

Libreto: XAN PÉREZ LÓPEZ

TERESA NOVOA_Soprano
JAVIER PALACIOS_Tenor
DIEGO NEIRA_Tenor
AXIER SÁNCHEZ_Barítono

CLARA JELIHOVSCHI_Soprano
ALBA LÓPEZ_Soprano
M^a JOSÉ LADRA_Mezzosoprano
GABRIEL ALONSO_Barítono

CORAL POLIFÓNICA: Follas Novas
PIANO: Gabriel López

DEBUXOS: Manolo Rajal

Director: FERNANDO V. ARIAS

T TEATRO
COLÓN

Teatro Colón. Sábado, 2 de xullo de 2016. Hora: 20:00

Patrocina:



Deputación
DA CORUÑA

Colabora:



A IDEA

“A RAÍÑA LUPA”

Ópera en 3 actos. Sinopsis

I ACTO

Sete discípulos do Apóstolo Santiago regresan nunha barca co seu corpo decapitado ás terras onde levou en vida as ensinanzas de Xesús. Arribando nos dominios da Raíña Lupa, pediranlle un lugar para o repouso do seu corpo, pero non saben que ela sofre unha maldición todas as noites por expulsar fai tempo a Santiago do seu territorio. En vinganza, mándaos ir ás terras de Régulo, Sacerdote do Sol, que tamén expulsou a Santiago anteriormente e, en consecuencia, nunha inundación feita por Deus, todo ou seu pobo morreu.

II ACTO

Durante esta viaxe, no solsticio de verán, prodúcese un eclipse de sol no que Lupa e Régulo poden liberarse da maldición e xuntarse brevemente na oscuridade. Nese intre, Lupa quédase embarazada del. Por outro lado, Régulo manda encerrar aos discípulos de Santiago, pero un lóstrego mandado por Deus, abre a cela e os discípulos escapan cruzando unha ponte sobre un río. Régulo trata de darlles alcance, pero outro raio destrúe a ponte e o perseguidor cae sendo levado pola corrente.

III ACTO

De regreso ás terras de Lupa, os discípulos contan o acontecido e esta ofrécelles un carro e dous bois mansos para levar os restos de Santiago, mais é un engano, pois os bois non están domados e para chegar a eles hai que pasar por unha cova na que vive un dragón. Nembargantes, os discípulos de Santiago, só con amosar a cruz, vencen ao dragón e amansan aos bois. Lupa, abraíada polo poder dese deus, decide converterse ao cristianismo. Nese momento aparece nas augas Régulo, que foi salvado por acción de Deus, e ambos se convierten ao cristianismo. Pola súa parte, os discípulos seguen ou seu camiño.

Como naceu a ópera

Fai máis de 15 anos, cando dirixía en Santiago de Compostela a Xove Orquestra Sinfónica de Galicia, tiven a idea de escribir unha ópera sobre a lenda da Raíña Lupa, pero a tarefa non foi fácil. O primeiro era atopar un libretista capaz de abordar o drama baseándose nos escritos que deste personaxe temos no libro do Códice Calixtino. E aí comezou o dilema. Tras explicarlles a miña idea a distintos escritores, deixándolles un tempo prudente para reflexionar, foron declinando todos eles a proposta de escribir o libreto. Así transcurriron anos.

Nunha casualidade do destino, e buscando outro libretista, atopei a Xan Pérez López, coñecedor do mundo do teatro e da televisión, que escribe contos e fabrica os seus propios monicreques para os seus espectáculos, ademais de ser un gran afeccionado á música. Comentoume que el podía abordar o tema e, para a miña sorpresa, ó cabo dunha semana presentoume unha sinopse que me gustou moito, e así comezou a tomar vida a ópera sobre “A Raíña Lupa”.

Empecei a escribir a música da ópera no mes de xullo do 2013 e a finais de marzo do 2014 estaba rematada a partitura nunha versión para voz e piano. Unha vez finalizada a ópera, comeza unha gran tarefa que é a instrumentación para orquestra sinfónica, que remataría a finais de xaneiro do 2016.

Na miña idea de ir dándolle forma á ópera, conectei con Manuel Rajal, mestre e debuxante, que tiña moita experiencia no tema porque xa fixera anteriormente unha historia da zarzuela en cómic, e convencino para que ilustrara as principais escenas da ópera, que resolveu de inmediato e dun xeito brillante e atractivo, inspirándose nos lugares da lenda descrita no libro do Códice Calixtino.

A estrea da obra

Hoxe vai ter lugar a estrea absoluta de arias, dúos, tríos, cuartetos e coros da ópera, en versión concerto, con acompañamento de piano, aínda que o propósito último será levar a cabo a estrea completa, representada con todos os seus ingredientes.

Fernando Vázquez Arias (Compositor)



FERNANDO V. ARIAS

COMPOSITOR

Obras estreadas

Nos anos oitenta, cando comeza a escribir música, estrea en distintos recitais, no Teatro Rosalía de Castro, as súas obras escritas para piano, cancións para solistas vocais, composicións camerísticas e corais.

En 1990 recibe do Concello de Lalín o seu primeiro encargo sinfónico coral, a composición dunha cantata que reflita a comarca. Froito disto será a “Cantata do Deza”, en seis movementos para coro, orquestra de cordas, frauta e piano. A obra estrease o 17 de maio de 1991 por mor da inauguración do auditorio de Lalín. Tras o éxito desta obra, ao ano seguinte, a Deputación de Pontevedra, conxuntamente co Concello de Baiona, encárganlle a música para a inauguración do auditorio municipal de Baiona, conmemorando asemade o quinto centenario da arribada da carabela Pinta a Baiona.

Con motivo do Xacobeo de 1999, estrea no Hostal dos Reis Católicos a “Cantata Melidá”, a obra está configurada en dez movementos para orquestra sinfónica, coro, soprano, tenor e barítono. No Xacobeo do 2003, a Consellería de presidencia da Xunta de Galicia encoméndalle dez arranxos sinfónicos sobre temas galegos para ser interpretados nunha xira de 20 concertos por distintos lugares do Camiño Francés.

En marzo do 2004 estrea no Auditorio Nacional de España dúas oberturas da súa autoría: “Terra de Melide” e “O Aviaador”. O 4 de abril do 2005 estrea no Teatro Rosalía de Castro da Coruña a “Sinfonía Romántica”. En maio do 2005 estrea no Auditorio de Galicia o “Concerto para piano e orquestra sinfónica”. En 2006, a dirección do Festival de Bandas de Música da Provincia de Pontevedra encárgalle unha obra para

ser interpretada no concurso como obra obrigada. Nace así “Rapsodia en azul e branco”, que será estreada polas bandas participantes.

En marzo do 2013, no Conservatorio Profesional de A Coruña, estrea: “Sonata Compostelana” (para piano), “Elexía Apaixoadá” (para violoncello e piano), “Trío en LabM” (para violín, violoncello e piano), “Cuarteto de cordas en Dom” (para cuarteto) e a “Suite do Camiño de Santiago” (para quinteto de cordas).

En outono do 2013 é nomeado director da Coral Polifónica Follas Novas, para a que escribirá diversas obras, algunha delas interpretadas no Teatro Colón con motivo da conmemoración do 80 aniversario da fundación deste histórico coro.

O 11 de marzo do 2014, estrea no Teatro Colón da Coruña, “Lembranzas Románticas” (para violín, violoncello e piano), “Sonata para violín e piano”, “Lembranzas Andaluzas” (para clarinete e piano), “Ovación para saxofón e piano”, “Hércules Brass para quinteto de metais” e “Concerto para marimba e grupo instrumental”.

O 23 de maio do 2014, no Conservatorio Profesional da Coruña, estrea “Caderno para Sofía”, nove pezas galegas para piano e quinteto de cordas que estan adicadas a súa filla Sofía. O 15 de xaneiro do 2015 estrea, no Museo de Belas Artes da Coruña, “Sonata Latina” (para flauta e piano) e “Cardioversión” (para trompeta e piano).



LIBRETISTA

Xoán Pérez

Xoán Pérez (1968, Ondarroa-Vizcaia) comezou a formarse como actor na E.E.R.D. DANTHEA, nas disciplinas de Expresión corporal, Comunicación non verbal, Voz, Canto e Danza.

Realizou outros cursos como: Interpretación (Natalia Sverva; escola de teatro de Moscoba); Interpretación ante cámara (Mariana Carballal/Chema Gagino); Movemento escénico (Cristina Diez; RESAD Madrid); Manipulación

de Títeres Chinos (Maestro Yang-Feng); Manipulación de títeres en TV (Ramón Remesal; Los guiñoles de CANAL+); Guión de cine/TV; (Chema Gagino); Producción teatral (Ramón Remesal. Musical; El Hombre de la Mancha).

Televisión

Entre outros traballos, na televisión destaca o programa de TVG “Con perdón” (1997), no que facía o espacio das “entrevistas indiscretas”, colaborando en varias series deste canal.

No cine participou en “Mucha sangre”, de Pepe de las Heras, e “Chapapote... ¡Oh, no!”, de Ferrán Llagostera.

No teatro traballou en “Panchiño”, “Os cravos de prata” e “Don quixote; a divina tolemia” (papel de Sancho). Por outro lado, con títeres fixo “O gato con botas”, “O sapo Encantado”, “Pedro e o lobo”, “O parrulo feo” e “Caraporquiña vermella”. No ano 2007 ingresa no conservatorio profesional de Melide, onde estuda violín, viola e acordeón.

No conservatorio coñece ao director e compositor Fernando V. Arias. Precisamente, el foi o que lle pide escribir o Libreto da ópera en galego: “A Raíña Lupa”.

DEBUXANTE

Manuel Rajal


Dedicado profesionalmente á docencia (Ensino Primario), paralelamente estivo sempre vinculado ao mundo artístico nas súas vertentes plástica e musical, formando parte como percusionista en diferentes grupos musicais, como a agrupación amiZades, da Coruña.

A súa actividade plástica repártese entre a pintura e a ilustración. Ademais diso cultiva o cartel, a fotografía ou o humor gráfico, sendo galardoado en diversas ocasións.

De formación autodidacta, desde a súa primeira exposición pictórica (Lugo, 1984), a súa obra plástica incide no tratamento do acrílico, técnicas mixtas e debuxo clásico.

Ilustrou libros de carácter pedagóxico, narrativa, etc., colaborando con algunhas editoriais.

Nas súas publicacións de xénero cómic, das que é autor en guión e grafismo, apréciase un claro enfoque didáctico, substrato da súa mentalidade docente. Neste sentido, é creador dunha metodoloxía pioneira para a aplicación deste xénero na aula.



Os seus traballos poden verse na dirección web: <http://manuelrajal.wix.com/home>.

BIOGRAFIAS

Teresa Novoa Soprano

As súas actuacións no estranxeiro son numerosas: Arxentina, Venezuela, Brasil, Teatro Lírico e Teatro Amadeo Roldán da Habana (Cuba), Italia e Francia (París), onde inaugurou o prestixioso festival “Don Quixote”, no Vingthième Theatre, ademais de actuar no G. Faure e en Toulouse-Colomiers, con Hispanias Míticas, espectáculo musical sobre o camiño de Santiago, en 2004, na Bienal de Músicas Ibéricas, en Toulouse (Francia). Das súas actuacións no Teatro Lírico caben destacar: “La Dolores”, de Bretón, en Jerez, Oviedo, Santander, Málaga e A Coruña; “La bruja”, de R. Chapí, en Jerez, Oviedo, Santander, Bilbao e Las Palmas; “Me llaman la presumida”, do Mestre Alonso, no Teatro Madrid; “La calesera”, do mestre Alonso, en Málaga; “La flauta mágica”, de Mozart, no Teatro da Zarzuela de Madrid; X Festival Mozart de Madrid, cantando a Misa en Do Menor, nos Jerónimos, dirixida por Peter Maag; I Festival



Mozart da Coruña, cantando a Misa en Do Menor, dirixida por Víctor Pablo Pérez; “Las Walkirias”, de Wagner, na Coruña e Vigo; “Viva la zarzuela” e “Clásicos de Navidad”, xiras por toda España organizada por la cadena COPE; Festival Are More de Vigo, en 2000 e 2002, compartindo cartel con figuras relevantes da Lírica; “Recital 400 años de la Ópera”, no Teatro Colón da Coruña; XXV Aniversario Caixanova. Homenaxe ao mestre Alonso, coa orquesta Gaos, dirixida por Fernando Briones, así como “El amor brujo”, de Falla, no Teatro Colón da Coruña. Foi dirixida entre outros por: Enrique García Asensio, Ros Marba, Miguel Roa, Miguel Ortega, Enrique Ricci, Tulio Galiardo, Miguel Groba, Moreno Buendía, Xoan Trillo, etc.

Javier Palacios Tenor

Nacido en Valencia (España), comeza os seus estudos musicais na escolanía “Nuestra Señora Virgen de los Desamparados” de Valencia, frecuentando posteriormente cursos de perfeccionamiento con Leyla Gencer, Renata Scottó e Montserrat Caballé. Cantou en teatros de todo o mundo, destacando entre outros: Fenice de Venecia, Ópera de Zurich, Teatro Liceo Barcelona, A Coruña, Tokyo, Méjico, Teatro Maestranza de Sevilla, Erodio de Athenas, Estocolmo, Ópera de Montecarlo, Ópera de Niza, Saint Etienne, Cagliari, Palau de lles Arts Valencia, ABAO Bilbao, Leipzig, Toulon, Tel-aviv, Seoul, Gent, Sant Gallen, Teatro Municipal Santiago de Chile, Teatro Teresa Carreño de Caracas, Teatro Campoamor de Oviedo, Ópera de Tenerife, Teatro de la Zarzuela de Madrid, etc. Estivo baixo a dirección de mestres como: Zubin Mehta, Frederic Chaslin, Frübeck de Burgos, Janos Acs, Pedro Halfter Mau-



ricio Benini, Antonino Fogliani, Paolo Arriavabeni, Ralph Weiker, Renato Palumbo, Paolo Tolomelli, Antonelo Allemandi, Plácido Domingo, José Collado, Miguel Ángel Gómez Martínez, etc.

Compartiu escenario con artistas como: Ainhoa Arteta, Juan Pons, Plácido Domingo, Giovanna Casolla ou Montserrat Caballé, coa cal realizou unha vira por países de todo o mundo,

cantando nos escenarios máis prestixiosos e colaborando co selo discográfico BMG, no disco “Con todo mi corazón”. As súas actuacións máis recentes foron Tonet, da ópera Maror, no Palau de lles Arts de Valencia, e D. José de Carmen, no Teatro da Zarzuela de Madrid.

Diego Neira Tenor

Nacido en Santiago de Compostela en 1982. Obtén o título de Grao Superior de Canto con Mención de Honra no Conservatorio Superior de Música da Coruña co profesor Antón de Santiago e é Licenciado en Historia do Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, coas especialidades en “Historia da arte Antiga e Medieval” e “Historia da Música”.

Asiste a cursos de formación e interpretación de mans de maestros como Alberto Zedda, Martin Wölfel, Owen Rees, Peter Philips e repertoristas como Markus Fohr, Viviana Ciavarella e Julio Alexis Muñoz, entre outros. Son de destacar os seus papeis como solista en programas do Renacemento e Barroco, como son o “Jephte”, de Carissimi, “Vespers a la Beata Virgine”, de Claudio Monteverdi, “Membra Jesu Nostri”, de Buxtehude, e o “Mesías”, de Haendel. Asimesmo é protagonista en óperas como “Bastian y Bastiana”, de Mozart, e “A historia do Soldado”, de Stravinsky. Tamén realiza unha xira por Francia



e EEUU con música da Catedral de Santiago, co grupo “Capela Compostelana”, dirixido por Miro Moreira. Colabora coas dúas grandes orquestras galegas, coa “Orquesta de la Radio Televisión Española”, a “Stavanger Symfoniorkester” e a “Orquesta de la Comunidad de Madrid” en programas sinfónico-corais, óperas e zarzuelas, entre a que destaca “La Dolores”, de Tomás Bretón, coa

Real Filharmonía de Galicia.

Recientemente debutou como solista no Teatro García Barbón de Vigo, cun recital de arias de ópera e zarzuela, e no Palacio da Ópera da Coruña, co papel de “Attalo”, na ópera rossiniana de “Ermine”, dirixida por Alberto Zedda.

Axier Sánchez Barítono

Axier Sánchez nace en Irún (Guipúzcoa). Remata os seus estudos na Universidade Autónoma e na Escola Superior de Canto de Madrid. Foi aceptado na Opera Studio da Academia Santa Cecilia de Roma, onde traballou con sopranos como Scotto e Bazzoni Bartoli.

Actúa nos principais teatros nacionais como Teatro Real, Teatro de la Zarzuela, Teatros del Canal e Auditorio Nacional de Madrid, Teatro Arriaga e Palacio Euskalduna de Bilbao, Auditorio de Tenerife, Palau de la Música de Valencia, Palacio de la Ópera da Coruña, Teatro Campoamor de Oviedo e internacionais como Accademia Santa Cecilia de Roma e The Pearl en Doha (Qatar) xunto ao tenor Plácido Domingo.

Directores

Algúns dos directores cos que traballou son Sagi, Bieito, Albrecht, Giménez Carreras, Grüber, Pasqual, Encinar, Ros Marbá, Gómez Martínez, Hernández Silva, Mir, Caballé-Domenech, Mielgo, Coves, Soler, Carniti, Carreres, Albiach, Ortega e Aragón.



Destacar do seu repertorio óperas como “Don Giovanni”, “Cosí fan tutte”, “Le nozze di Figaro”, “Die Zauberflöte”, “Lelisir d’amore”, “Lucia di Lammermoor”, “La bohème”, “Il Pirata”, “Carmen”, “I puritani”, etc. Zarzuelas como “La del manojito de rosas”, “La leyenda del beso”, “Katuska”, “Marina” ou “La revoltosa”.

Clara Jelihovschi Soprano

Nada en Trifáuti (Moldavia), realizou amplos estudos como solista de canto, pianista, directora de coro e profesora de linguaxe musical en Moldavia, no Conservatorio Estatal “Stefan Neaga”, de Chisináu. Completados os seus estudos, deu os seus primeiros pasos como profesional na Filarmónica “George Enescu” como membro do coro e tamén como solista.

Entre as súas intervencións importantes en calidade de solista, pódense mencionar: “Paulus” e “One Summer Nighth”, de F. Mendelssohn, “Das Alexander Fest”, de G. F. Händel, e “Te Deum”, de G. Verdi. Entre 2000 e 2004 forma parte da “Operetten Bühne”, de Viena, coa que levou a cabo numerosas xiras por Alemaña, Austria, Suíza, Holanda, Xapón, China e Francia.

No 2007 a familia de Clara trasládase a España. A partir de entón dá recitais como solista, con piano e acompañada polos Coros “Madrigalia”, “Ludus Tonalis”, “El Eco”, “Ensamble Iulius XIII”. Tamén colabora coa pianista Ludmila Orlova e os seus grupos de cámara nos ciclos da Deputación da Coruña e intervén acompañada pola Banda Municipal da Coruña no Palacio da Ópera cun programa de Zarzuela. Entre as súas recentes actuacións a destacar está o Concerto Benéfico de Ópera e Zarzuela no Teatro de Rosalía de Castro da Coruña, en marzo de 2015, que tivo gran éxito de público.



No outono de 2014 asiste ao Curso de Interpretación Vocal impartido por Alberto Zedda, na Coruña. O Mestre encomiou as habilidades da cantante e como consecuencia diso foi convidada para participar como Sorella Cercatrice na ópera de G. Puccini “Suor Angelica”, dentro da Tempada Lírca da Coruña do 2015.

Alba López Soprano

Nace na Coruña e compaxina os seus estudos coma Mestra de Música cos de canto, diplomándose no 2006 na USC e obtendo o título superior de canto no CSM de A Coruña en 2011 co barítono Antón de Santiago. Completa a súa formación no Conservatorio Giovanni Battista Martini de Bologna coa mezzosoprano Marina Gentile. Membro do coro da OSG desde 1999 e do Coro Gaos desde a súa creación, foi coralista e profesora de técnica vocal. Tamén realizou concertos e grabacións co Europa Chor Akademie por Alemaña, Luxemburgo e Suíza.

Como solista participou no Certamen de Novos intérpretes da Asociación Galega da Lírca Teresa Berganza en 2005 e 2006 e nas Zarzuelas “El barberillo de Lavapiés” e “La Gran Vía” coa compañía Lírca Ofelia Nieto. Desde 2009 colabora coa Asociación Galega de Compositores, estreando diversas obras. No 2010 realiza unha xira dentro



do Xacobeo Classics por Galicia. No festival de Ópera da Coruña participa no Recital de “Novas voces Galegas”, no 2011, e interpreta a Annina en “La Travista” e a Inés en “Il Trovatore”, en 2015. En 2011 xira por China coma solista da Orquestra Cidade de Palencia. En 2012 canta a Zarzuela “Cádiz” e a fantasía coral de Beethoven coa OSG, di-

rixida por Víctor Pablo Pérez. Nese ano protagoniza o concerto benéfico “Padre Rubinos” xunto ó tenor Celso Albelo e a Orquestra Gaos e en 2013 ofrece varios concertos coa Orquestra Lira Numantina por Soria, dedicados á obra de Malher. Realizou cursos de canto con Helena Lazarska, Ana Luisa Chova, Martin Wölfel, Marc Sala e recibiu clases de Carmen Subrido e Manuela Soto. En 2008 gañou o primeiro premio no Certamen de Novos Intérpretes do Circo de Artesáns. En 2011 recibe unha MasterClass do barítono Thomas Hampson e en 2014 participa no I Curso de Interpretación Vocal Alberto Zedda.

M^a José Ladra Mezzosoprano

Premio Extraordinario Fin de Carreira no Conservatorio Superior da Coruña, onde realizou os seus estudos baixo a dirección de Antón de Santiago, obtendo sempre as máximas calificacións, María José Ladra é unha mezzosoprano lírica con coloratura, na liña das grandes mezzos españolas, gracias á fermosa cor da súa voz e ao gran dominio técnico, que lle permiten interpretacións de gran relieve, tanto no repertorio belcantista, como nos grandes personaxes de zarzuela.

Interpretou papeles principais tanto de óperas como de zarzuelas, entre as que destacan “Dido y Eneas”, de Purcell (Dido), “La del manojo de rosas”, de Pablo Sorozábal (Ascensión), “El Barberillo de Lavapiés”, de Barbieri (La Paloma) ou “Gran Vía”, de Chueca e Valverde (Menegilda e Eliseo), etc.

A súa formación viuse enriquecida coa asistencia a importantes cursos de interpretación, entre os que destacan a Bach Academie (baixo a dirección de Helmut Riling, con María Venutti e Andreas Schmidt), Música en Compostela (nas súas seccións de “teatro lírico español”, con Maximino Zumalave, e “Canción española e zarzuela”, con Marimí del Pozo), Miguel Zanetti, Helena Lazarska, Ana Luisa Chova, María Bayo, Teresa Berganza,



etc. Como postgraduada recibiu clases de Marimí del Pozo e de Inés Rivadeneira. Na actualidade é profesora de Canto no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.


Gabriel Alonso Barítono

Gabriel Alonso Díaz nace en Ferrol (A Coruña), en 1991. É un barítono que inicia os seus estudos oficiais de canto no Conservatorio Profesional de Música “Xan Viaño”, centro no cal cursa actualmente o Grado Profesional. É, ademais, alumno do barítono Juan Jesús Rodríguez.

Ten asistido a cursos de interpretación e repertorio vocal coa soprano Patricia Rodríguez, o barítono Roberto Accurso ou os mestres Ricardo Estrada e Alberto Zedda, e de Dirección Coral con Basilio Astúlez e Javier Bustó.

No 2014 foi gañador da Fase Autonómica do Concurso Intercentros da Fundación Orfeo, para representar á Comunidade Autónoma de Galicia na Fase Final Nacional. Recibiu tamén o Primeiro Premio ao mellor Intérprete de Zarzuela no Concurso de Canto de “Amigos de la Ópera de Santiago de Compostela”.

Inicia a súa carreira operística en febreiro de 2015 no Teatro Victoria Eugenia de San Sebastián, co título “Il barbiere di Siviglia”, de Rossini, baixo a dirección escénica de Nicola Zorzi e musical de Diego García Rodríguez. Ten ofrecido tamén diversos recitais co pianista Ricardo Blanco, con quen ten un dúo estable.



En maio de 2015 canta nos actos oficiais das Letras Galegas, sendo o seu primeiro concerto acompañado pola Real Filharmonía de Galicia, baixo a batuta de Maximino Zumalave.



FOLLAS NOVAS CORAL POLIFÓNICA

A Coral Polifónica “Follas Novas”, continuadora da Sociedade Coral e Recreativa Follas Novas (1930), foi fundada no ano 1945.

No seu longo historial destacan os concertos de homenaxe dedicados a Juan Montes (1949), Rosalía de Castro (1950, 1975 e 2002) e Curros Enriquez (1951 e 2008).

Ademais, levou a cabo grabacións discográficas (6 LP e 1 CD) para diversos selos, actuou repetidas veces nas televisións de Portugal, España e Galicia e realizou xiras de concertos por numerosas cidades de Francia, Portugal e España, participando nos máis prestixiosos encontros e ciclos de música coral.

O seu repertorio compóñeno obras de moi diversos autores rexionais, nacionais e estranxeiros, tendo estreado un bo número delas e tamén incorporou ao mesmo varias que estaban inéditas, froito do labor de investigación no campo da música coral de todas as épocas.

Ao seu cargo estiveron as estreas mundiais da Cantata “Nova Galicia”, de Rogelio Groba y Groba; as “Seis cancións galegas”, de Eduardo Rodríguez Losada, e a “Misa gallega”, de Rogelio Leonardo de Bouza. Recentemente estreou o “Himno a María Pita”, de Pascual Saavedra, que se encontraba inédito no

Arquivo da Música da Catedral de Mondoñedo.

Galardóns

Entre outros galardóns e recompensas posúe os premios do Festival Folklórico Internacional de Braga (Portugal), no ano 1956; Certame Rexional de Masas Corais de Lugo, ano 1959; XIX e XX Certames Nacionais de Habaneras e Polifonía de Torreveja, anos 1974 e 1975; Certame Rexional do Bimilenario de Lugo, ano 1976, e Concursos de Panxoliñas Cidade da Coruña, anos 1992 e 1994.

Na súa nómina de directores figuraron músicos de relevante categoría entre os que cabe destacar a D. Manuel Fernández Amor, D. Jesús González de Velasco, D. José Mir Félix, D. Rogelio Groba y Groba, D. Rogelio Leonardo de Bouza e D. Santiago Pérez Bernal os cales compuxeron e dedicaron obras explicitamente para esta Coral. Na actualidade a Coral Polifónica “Follas Novas” está baixo a dirección do mestre D. Fernando Vazquez Arias.

PIANISTA

Gabriel López

Nace en Fene en 1980. Con oito anos comeza os seus estudos de Solfexo co profesor José González, continuando a súa formación no Conservatorio Profesional de Ferrol, no que comeza os seus estudos pianísticos con Ricardo Blanco. Conclúe os seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a supervisión de Natalia Lamas.

Durante o seu período de formación, obtén as máximas cualificacións e galardóns: Matrícula de Honra nos 7º, 9º e 10º cursos e Premio de Honra en todos os graos (Elemental, Medio e Superior), sendo así un dos poucos pianistas galegos que acadan ditos méritos.

En 1999 obtén o primeiro premio no II Concurso Rexional “RCN de Vigo” e no II Certame Galego de Xoves Concertistas. Recibe o segundo premio na especialidade de Música de Cámara, outorgado polo Departamento de Mocidade. No XXVIII Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” obtén o premio Gregorio Baudot (2014).

Estrea de obras

Conta coa estrea absoluta das obras de J. Durán, D. Cuevas, Fernando Alonso R. Soutelo, José Fernández Vides, Karolis Biveinis, Ermitas García Río ou Fernando V. Arias.

Entre 2006 e 2012 realiza as grabacións de varios discos cos saxofonistas Alejandro Cimadevila, Xurxo García Rojo, co fagotista David Novelle, co clarinetista Emilio Alonso Espasandín e o contrabaixista Antonio Romero Cienfuegos e o trombonista Mateo Naval.



No 2012 ten a honra de granallas gran tenor Celso Albelo e a soprano Irina Lungu baixo a dirección do maestro Daniel Oren, Thomas Hampson, Javier Franco, Leo Nucci, o clarinetista Josep Fuster ou o violinista Javier Cedrón. Tamén en febreiro do mesmo ano interpreta o Concerto para piano Nº 5 en Mib Maior, de L. V. Beethoven, “Emperador”, xunto á Orquestra Gaos. En decembro deste mesmo ano interpreta tamén o Concerto para piano e orquestra en Do Maior de Leroy Anderson, coa Banda Municipal da Coruña, no Palacio da Ópera da Coruña, acadando en ambos un gran recoñecemento por parte do público e da crítica. Forma xunto a Marcos Mariño Vázquez o dúo de Saxofón e Piano “Brillance”, co que realizan concertos por toda a xeografía. Na actualidade é profesor no CMUS Profesional da Coruña, pianista acompañante e concertista.

ELENCO

Intérpretes e personaxes da ópera “A Raíña Lupa”

Lupa.....	Teresa Novoa
Régulo	Javier Palacios
Teodo.....	Diego Neira
Atanasio	Gabriel Alonso
Torcuatro	Axier Sánchez
Briana	Clara Jelihovschi
Eire	Alba López
Brenda.....	Mª José Ladra

PROGRAMA

“A RAÍÑA LUPA”

Música: Fernando V. Arias

Libreto: Xan Pérez López

ACTO I

Obertura

Foi o mar teu camiño	Torcuatro, Atanasio
Sete días de mar	Torcuatro, Atanasio, Hesiquio, Teodoro
Esta noite temos festa.....	Briana, Eire, Brenda
Vinde a nosa festa.....	Torcuatro, Atanasio, Hesiquio, Mulleres e coro
Que fan eses alí	Briana, Eire, Brenda
Sete días o mar	Teodoro e Trío de Mulleres
Volveu a Jerusalén	Dúo de Atanasio e Teodoro
Mais esta terra non parece ben firme.....	Discípulos
Hai unha muller no alto de aquel pico	Atanasio
Non, non, non	Discípulos, Coro e trío de Mulleres
Camiño soa entre sombras, e oscuridade.....	Lupa, Régulo e Coro
Mellor que durman	Lupa e trío de Mulleres
Somos discípulos de Santiago	Atanasio
Non foi mellor a súa sorte	Lupa, Teodoro, Atanasio e Discípulos
Podedes camiñar.....	Lupa, Teodoro, Atanasio, Discípulos e trío de mulleres

ACTO II

Introducción

O solsticio de verán	Régulo, Briana, Eire e Brenda
Sete días andando	Dúo de Atanasio e Teodoro
Nove ondas saltaremos	Régulo, Briana, Eire e Brenda
Pero antes deixanos decir	A historia volveu a suceder
Danza e Ballet	
Xa non falta moito.....	Régulo e Lupa
Afogaron todos	Teodoro e Atanasio

ACTO III

Introducción

Estos días aquí.....	Coro e Discípulos
Non teñas présa	Briana, Eire, Brenda, Coro e Discípulos
Non vos preocupedes.....	Lupa, Briana, Eire, Brenda, Eufrazio, Hesiquio, Torcuatro
Unha nova aventura pasamos.....	Atanasio, Lupa, Teodoro, Trío de Mulleres
Morto Meu amor	Lupa e Coro
Señora, malas novas	Teodoro, Atanasio e Lupa
Vimos facerlle compañía	Lupa, Briana, Eire, Brenda e Discípulos
O que parecía vehemencia	Coro de homes e Discípulos



Patrocina:



Deputación
DA CORUÑA